

NOME DA ACTIVIDADE

- **QUE DIN OS RUMOROSOS**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE CONTIDOS SOCIOLINGÜÍSTICOS**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **EN GRUPO**

DURACIÓN

- **MÁIS DE 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- Algúns dos prexuízos máis xeneralizados sobre a lingua e sobre o proceso de normalización lingüística.
- Técnica do debate e da defensa de argumentos en pequenos grupos e en grandes grupos

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado reflexione sobre algúns dos prexuízos máis consolidados que hai arredor do uso da lingua galega e do proceso de normalización lingüística
- Que por medio do debate o alumnado chegue a conclusións positivas sobre o uso da lingua galega, os dereitos e os deberes lingüísticos, o proceso de normalización, etc.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS A TER EN CONTA

- As frases das fichas pódense adaptar segundo o grupo de participantes (os seus intereses, as súas profesións, os seus coñecementos, etc.), de modo que con estas se poida xerar máis debate. Xa que logo, cómpre sempre utilizar frases que nos grupos xeren debate e posicionamentos a favor e en contra
- Cómpre que o docente modere o debate e o vaia enfocando no gran grupo, introducindo argumentos positivos que non saíran, introducindo datos que as persoas participantes non coñezan –ou aclarándoos, de ser o caso–, motivando ao alumnado para expor o seu posicionamento, etc.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Os participantes deben estar organizados en grupos dunhas catro ou seis persoas, e cada grupo debe traballar cunha ficha distinta das propostas. Sobre ela, os membros do grupo teñen que reflexionar e discutir, posicionándose a favor ou en contra (incluso poden distribuírse roles). Os participantes deberán defender os seus argumentos e intentar convencer aos/ás demais do seu posicionamento.

Unha das persoas do grupo actuará como secretaria e voceira, e anotará todos os argumentos que vaian saíndo, tanto a favor como en contra.

Despois de que todos os pequenos grupos rematen o debate sobre a frase da súa ficha, cada voceiro exporá ante o gran grupo a frase da ficha que lles tocou e os argumentos que se manexaron a favor e en contra. En gran grupo farase un pequeno debate sobre cada unha das frases, intentando que o grupo chegue de por si a posicionamentos positivos sobre o uso da lingua galega e o proceso de normalización lingüística.

MATERIAIS DA FICHA

O uso do galego sempre estivo relacionado co atraso e nunca foi útil para os ámbitos máis importantes da vida pública	
---	--

ARGUMENTOS A FAVOR DA FRASE	ARGUMENTOS EN CONTRA DA FRASE
➤	➤
➤	➤
➤	➤
➤	➤

O castelán é unha lingua máis útil, moderna e atractiva, por iso é normal que cada vez menos xente fale galego	
--	--

ARGUMENTOS A FAVOR DA FRASE	ARGUMENTOS EN CONTRA DA FRASE
➤	➤
➤	➤
➤	➤
➤	➤

O galego é unha lingua válida para a literatura, a política, a administración ou o ensino, pero en sectores coma o comercio, a industria, as novas tecnoloxías, a xustiza, etc., é máis útil o castelán	
ARGUMENTOS A FAVOR DA FRASE	ARGUMENTOS EN CONTRA DA FRASE
➤	➤
➤	➤
➤	➤
➤	➤

Os traballadores e as traballadoras da administración pública son persoas con dereitos individuais, polo que no desenvolvemento do seu traballo teñen dereito a utilizar indistintamente o galego ou castelán, segundo prefiran, pois para iso as dúas linguas son oficiais	
ARGUMENTOS A FAVOR DA FRASE	ARGUMENTOS EN CONTRA DA FRASE
➤	➤
➤	➤
➤	➤
➤	➤

Outras posibles frases que a persoa docente pode utilizar:

A verdade é que a maioría da xente fala castelán, aínda que digan o contrario por estar agora máis de moda
O galego ben falado é, por exemplo, o da TVG, non o que falan ou falamos a maioría das persoas, que en cada sitio se fala dunha maneira distinta
O galego é unha lingua moi bonita, mais cómpre ter en conta que o castelán énos moito máis útil, pois serve para utilizar tanto aquí como fóra

O galego normativo é moi artificial, non se identifica co galego real, co que a xente realmente fala, que ese é o bo
O galego sábeno falar ben moi poucas persoas, pois a maioría fálano á súa maneira, sen seguir a normativa e sen falar correctamente, xa que utilizan seseo, gheada, etc.
O galego, se non se fala ben, é mellor non falalo, pois é desprestixiar a lingua
Para a publicidade, por exemplo, o castelán é mellor que o galego, pois transmite máis confianza, seguridade e modernidade
Que nos procesos selectivos para o ingreso nos cadros de persoal das administracións públicas galegas haxa que demostrar o coñecemento do galego non é máis que un método para poder eliminar xente dos devanditos procesos e para evitar que se presenten aspirantes doutras comunidades